



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 253 · Mércores, 3 novembro 2021

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 10/2021.....	2
Exposición pública da aprobación inicial do expediente número 9/2021 de modificación das bases de execución do orzamento xeral.....	2
Exposición pública da aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos.....	2
Exposición pública dos padróns da taxa pola subministración de auga, canon da auga, conservación de contadores, depuración e sumidoiros de varios anos, de varios concellos, e prazo de cobranza en período voluntario. Expediente 14905J.....	3

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

##### Boborás

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos, suplemento de crédito núm. 7/2021.....	4
---	---

##### Muiños

Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 5/2021.....	5
---	---

##### Pereiro de Aguiar (O)

Exposición pública da modificación da Ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable.....	5
Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 11/2021.....	6
Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 12/2021.....	6

##### Peroxa (A)

Exposición pública do prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento aberto para a contratación, mediante concurso público, do arrendamento por este concello de parte do baixo non dedicado a actividades deportivas do edificio polideportivo da Peroxa (ben de propios, local C).....	6
---	---

##### San Cibrao das Viñas

Aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas e dotacións do Polígono P-6.1 da AR-6 no núcleo de Reboredo do PXOM de San Cibrao das Viñas.....	7
--	---

##### Vilamartín de Valdeorras

Aprobación definitiva dun expediente de modificación de créditos.....	15
---	----

##### Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 1/2021.....	16
--	----

#### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos número 10/2021.....	2
Exposición pública de la aprobación inicial del expediente número 9/2021 de modificación de las bases de ejecución del presupuesto general.....	2
Exposición pública de la aprobación inicial de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de las Tasas del Servicio Intermunicipal Delegado de Recogida, Tratamiento y Eliminación de Residuos Sólidos Urbanos y de los Puntos Limpios.....	2
Exposición pública de los padrones de la tasa por el suministro de agua, canon del agua, conservación de contadores, depuración y alcantarillado de varios años, de varios ayuntamientos, y plazo de cobranza en período voluntario. Expediente 14905J.....	4

#### IV. ENTIDADES LOCALES

##### Boborás

Aprobación definitiva del expediente de modificación de créditos, suplemento de crédito núm. 7/2021.....	5
--	---

##### Muiños

Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos núm. 5/2021.....	5
---	---

##### Pereiro de Aguiar (O)

Exposición pública de la modificación de la Ordenanza Fiscal de la Tasa por la Prestación del Servicio de Abastecimiento de Agua Potable.....	5
Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos núm. 11/2021.....	6
Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos 12/2021.....	6

##### Peroxa (A)

Exposición pública del pliego de cláusulas administrativas que regirán el procedimiento abierto para la contratación, mediante concurso público, del arrendamiento por este ayuntamiento de parte del bajo no dedicado a actividades deportivas del edificio polideportivo de A Peroxa (bien de propios, local C).....	7
--	---

##### San Cibrao das Viñas

Aprobación definitiva del Plan Especial de Infraestructuras y Dotaciones del Polígono P-6.1 del AR-6 en el núcleo de Reboredo del PGOM de San Cibrao das Viñas.....	11
---	----

##### Vilamartín de Valdeorras

Aprobación definitiva de un expediente de modificación de créditos.....	16
---	----

##### Mancomunidad de Municipios de la Comarca de Verín

Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos 1/2021.....	16
--	----



## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

O Pleno da Corporación Provincial, na sesión ordinaria do día 29 de outubro de 2021, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 10/2021, de transferencia de créditos entre distintas áreas de gasto do orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021.

En cumprimento do disposto no artigo 177.2, en relación co 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o expediente exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles, que comezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación no BOP, para que os interesados poidan examinalo e formular as reclamacións que consideren oportunas. No caso de que transcorra o dito prazo sen que se produzan reclamacións, a aprobación inicial elevarase a definitiva, sen necesidade de adoptar un novo acordo que o estableza e publicarse o orzamento modificado resumido por capítulos.

Ourense, 2 de novembro de 2021. O deputado delegado de Economía e Facenda.

Asdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

#### **Diputación Provincial de Ourense**

*El Pleno de la Corporación Provincial, en la sesión ordinaria celebrada el día 29 de octubre de 2021, aprobó inicialmente el expediente de modificación de créditos número 10/2021, de transferencia de créditos entre distintas áreas de gasto del presupuesto de la Diputación Provincial de Ourense para el ejercicio 2021.*

*En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 177.2, en relación con el 169.1 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, el expediente se expondrá al público, por el plazo de 15 días hábiles, que comenzará a contarse desde el día siguiente al de la publicación en el BOP, para que los interesados puedan examinarlo y formular las reclamaciones que consideren oportunas. En el caso de que transcurra dicho plazo sin que se produzcan reclamaciones, la aprobación inicial se elevará a definitiva, sin necesidad de adoptar un nuevo acuerdo que así lo establezca, y se publicará el presupuesto modificado resumido por capítulos.*

Ourense, 2 de noviembre de 2021. El diputado delegado de Economía y Hacienda.

Fdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

**R. 2.859**

#### **Deputación Principal de Ourense**

O Pleno da Corporación Provincial, na sesión ordinaria do día 29 de outubro de 2021, acordou aprobar inicialmente o expediente número 9/2021 de modificación das bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021.

En cumprimento do disposto no artigo 177.2, en relación co 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o expediente exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles, que comezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación no BOP, para que os interesados poidan examinalo e formular as reclamacións que consideren oportunas. No caso de que transcorra o dito prazo sen que se produzan reclama-

cións, a aprobación inicial elevarase a definitiva, sen necesidade de adoptar un novo acordo que o estableza e publicarse o orzamento modificado resumido por capítulos.

Ourense, 2 de novembro de 2021. O deputado delegado de Economía e Facenda.

Asdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

#### **Diputación Provincial de Ourense**

*El Pleno de la Corporación Provincial, en la sesión ordinaria celebrada el día 29 de octubre de 2021, aprobó inicialmente el expediente número 9/2021 de modificación de las bases de ejecución del presupuesto de la Diputación Provincial de Ourense para el ejercicio 2021.*

*En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 177.2, en relación con el 169.1 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, el expediente se expondrá al público, por el plazo de 15 días hábiles, que comenzará a contarse desde el día siguiente al de la publicación en el BOP, para que los interesados puedan examinarlo y formular las reclamaciones que consideren oportunas. En el caso de que transcurra dicho plazo sin que se produzcan reclamaciones, la aprobación inicial se elevará a definitiva, sin necesidad de adoptar un nuevo acuerdo que así lo establezca y se publicará el presupuesto modificado resumido por capítulos.*

Ourense, 2 de noviembre de 2021. El diputado delegado de Economía y Hacienda.

Fdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

**R. 2.860**

#### **Deputación Provincial de Ourense**

A Corporación Provincial, na sesión do día 29 de outubro de 2021, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais sométese o expediente e a modificación da ordenanza a información pública e audiencia dos interesados polo prazo dos 30 días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP. Realizarase tamén a pertinente publicación no taboleiro de edictos da Corporación e nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o expresado prazo poderán presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación Provincial, coa aprobación definitiva, se é o caso, da ordenanza.

Se non se presentan reclamacións ou suxestións, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional adoptado.

Ourense, 2 de novembro do 2021. O presidente.

Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.

#### **Diputación Provincial de Ourense**

*La Corporación Provincial, en la sesión del día 29 de octubre de 2021, aprobó inicialmente la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de las Tasas del Servicio Intermunicipal Delegado de Recogida, Tratamiento y Eliminación de Residuos*



*Sólidos Urbanos y de los Puntos Limpios de la Provincia de Ourense.*

*De conformidad con lo dispuesto en el artículo 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales se somete el expediente y la modificación de la ordenanza a información pública y audiencia de los interesados por el plazo de los 30 días hábiles siguientes al de la publicación de este anuncio en el BOP. Se realizará también la pertinente publicación en el tablón de edictos de la Corporación y en un diario de los de mayor difusión de la provincia.*

*Durante el expresado plazo pueden presentarse las reclamaciones y sugerencias que se estimen oportunas, que serán resueltas por la Corporación Provincial, con la aprobación definitiva, en su caso, de la ordenanza.*

*Si no se presentan reclamaciones o sugerencias, se entenderá elevado a definitivo el acuerdo de aprobación provisional adoptado.*

*Ourense, 2 de noviembre de 2021. El presidente.*

*Fdo.: José Manuel Baltar Blanco.*

**R. 2.861**

## Deputación Provincial de Ourense

Cobranza da taxa pola subministración de auga, canon da auga, conservación de contadores, depuración e sumidoiros de varios anos, dos municipios que se relacionan

En exercicio das facultades delegadas polos concellos que se relacionan e asumidas por esta corporación provincial para a xestión tributaria e recadatoria, publícase e infórmase os/as contribuíntes e demais interesados/as do seguinte:

1. Cobranza de tributos en período voluntario: de conformidade co artigo 24 do Regulamento xeral de recadación, anúnciase a cobranza en período voluntario, co seguinte detalle:

a) Tributo ao cobro:

- Taxa pola subministración de auga, canon da auga e sumidoiros: Bola, A, 3.º trimestre de 2021; Vereá, 3.º trimestre de 2021
- Taxa pola subministración de auga, canon da auga e conservación de contadores: Montederramo, 3.º trimestre de 2021
- Taxa pola subministración de auga, canon da auga, conservación de contadores e sumidoiros: Avión, 3.º trimestre de 2021
- Taxa pola subministración de auga, canon da auga, conservación de contadores, sumidoiros e depuración: Castrelo de Miño, 3.º trimestre de 2021

b) Prazo de pagamento en voluntaria: a cobranza en período voluntario terá lugar do 5 de novembro de 2021 ao 5 de xaneiro de 2022.

c) Lugar e forma de pagamento: os/as contribuíntes recibirán no seu domicilio os impresos dos recibos-resguardo de pagamento, que deberán aboar en calquera oficina de Abanca, Banco Pastor, Banco Popular, BBVA, Banco Santander, Banco Sabadell-Gallego, Caixabank (entidades colaboradoras) ou en calquera oficina da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos no prazo antes mencionado, do 5 de novembro de 2021 ao 5 de xaneiro de 2022, en días hábiles, no horario establecido polas entidades ou pola Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos. Se algún contribuínte non recibe no seu domicilio os referidos impresos, poderá solicitar un duplicado nas oficinas de recadación desta deputación. Advírtese que o feito de non recibir os impresos non exime da obriga de pagalos no prazo mencionado, sempre que figure como contribuínte nas listas cobratorias. Para a validez do pagamento, os impresos deben estar referendados por

impresión mecánica ou sinatura autorizada da correspondente oficina da entidade bancaria.

2. Padróns e listas cobratorias

Por decreto do deputado de Facenda, aprobáronse os padróns e listas cobratorias dos tributos mencionados, que comprende os suxeitos pasivos, o feito imponible e a débeda tributaria. Os ditos documentos quedan expostos ao público nos respectivos concellos e nas oficinas do Servizo Municipal de Recadación desta deputación, durante o prazo dun mes a partir da publicación deste anuncio no BOP, para exame e alegacións ou reclamacións que se consideren pertinentes. Este anuncio servirá de notificación colectiva dos referidos tributos de cobro periódico por recibo, conforme ao artigo 102.3 da Lei xeral tributaria.

3. Recursos

Ademais das alegacións ou reclamacións indicadas antes, contra os datos das listas cobratorias e liquidación tributaria dos tributos referidos, os/as interesados/as poderán formular un recurso de reposición ante esta presidencia, no prazo de 1 mes desde que se publique este anuncio, de conformidade co que dispón o artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Contra a desestimación expresa ou tácita do recurso de reposición, poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo, nos prazos e condicións regulados na Lei da xurisdición contencioso-administrativa. O recurso de reposición formularase de forma preceptiva previamente á interposición do recurso contencioso-administrativo e a súa presentación non suspenderá a tramitación e os actos recadatorios, agás que o acorde o órgano competente con suxeición ao procedemento establecido.

Respecto á repercusión do canon da auga, poderá ser obxecto dunha reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Xunta de Galicia no prazo de 1 mes desde que se publique este anuncio, de conformidade co que establece o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

4. Procedemento de constrinximento

Advírtese que os recibos non aboados no prazo de pagamento en voluntaria incorrerán na recarga de constrinximento do 20%, 10% ou o 5%, segundo proceda, xuros de mora e custas do procedemento, de ser o caso. Cobraranse por vía executiva, conforme aos artigos 28 e seguintes da Lei xeral tributaria e concordantes do Regulamento xeral de recadación.

Respecto ao canon da auga, advírtese que a falta de pagamento no período voluntario sinalado suporá a súa esixencia directamente ao/á contribuínte pola vía de constrinximento, pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co que establece o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

5. Información ao contribuínte

Os/as interesados/as poden solicitar a información que necesiten dos concellos respectivos nas oficinas do Servizo Municipal de Recadación desta deputación, situado na rúa Cruz Vermella de Ourense, en días hábiles e horario de oficina, ou chamando ao 988 317 720.

Ourense, 28 de outubro de 2021. O deputado delegado de Economía e Facenda.

Asdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.



## Diputación Provincial de Ourense

Cobro de la tasa por el suministro de agua, canon del agua, conservación de contadores, alcantarillado y depuración de varios años, de los municipios que se relacionan.

En ejercicio de las facultades delegadas por los ayuntamientos que se relacionan y asumidas por esta corporación provincial para la gestión tributaria y recaudatoria, se publica y se informa a los/as contribuyentes y demás interesados/as de lo siguiente:

1. Cobro de tributos en período voluntario: de conformidad con lo que dispone el artículo 24 del Reglamento General de Recaudación, se anuncia el cobro en período voluntario, con el siguiente detalle:

a) Tributo al cobro:

- Tasa por el suministro de agua, canon del agua y alcantarillado: Bola, A, 3.º trimestre de 2021; Vereá, 3.º trimestre de 2021

- Tasa por el suministro de agua, canon del agua y conservación de contadores: Montederramo, 3.º trimestre de 2021

- Tasa por el suministro de agua, canon del agua, conservación de contadores y alcantarillado: Avión, 3.º trimestre de 2021

- Tasa por el suministro de agua, canon del agua, conservación de contadores, alcantarillado y depuración: Castrelo de Miño, 3.º trimestre de 2021

b) Plazo de pago en voluntaria: la cobranza en período voluntario tendrá lugar del 5 de noviembre de 2021 al 5 de enero de 2022.

c) Lugar y forma de pago: los/as contribuyentes recibirán en su domicilio los impresos de los recibos-resguardo de pago, que deberán abonar en cualquier oficina de Abanca, Banco Pastor, Banco Popular, BBVA, Banco Santander, Banco Sabadell/Gallego, Caixabank (entidades colaboradoras) o en cualquier oficina de la Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos en el plazo antes mencionado, del 5 de noviembre de 2021 al 5 de enero de 2022, en días hábiles, en el horario establecido por las entidades o por la Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos. Si algún contribuyente no recibe en su domicilio los impresos indicados, podrá solicitar un duplicado en las oficinas de Recaudación de esta diputación. Se advierte de que el hecho de no recibir los impresos no exime de la obligación de pagarlos en el plazo mencionado, siempre que figure como contribuyente en las listas cobratorias. Para la validez del pago, los impresos deben estar refrendados por impresión mecánica o firma autorizada de la correspondiente oficina de la entidad bancaria.

2. Padrones y listas cobratorias

Por decreto del diputado de Hacienda, se aprobaron los padrones y listas cobratorias de los tributos indicados, que comprende los sujetos pasivos, el hecho imponible y la deuda tributaria. Dichos documentos quedan expuestos al público en los respectivos ayuntamientos y en las oficinas del Servicio Municipal de Recaudación de esta diputación, durante el plazo de un mes a partir de la publicación de este anuncio en el BOP, para examen y alegaciones o reclamaciones que se consideren pertinentes. Este anuncio servirá de notificación colectiva de los referidos tributos de cobro periódico o recibo, conforme al artículo 102.3 de la Ley General Tributaria.

3. Recursos

Además de las alegaciones o reclamaciones ante mencionadas, contra los datos de las listas cobratorias y liquidación tributaria de los tributos referidos, los/as interesados/as podrán formular un recurso de reposición ante esta presidencia, en el plazo de 1 mes desde la publicación de este anuncio, de conformidad con lo

que dispone el artículo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales. Contra la desestimación expresa o tácita del recurso de reposición, podrá interponerse un recurso contencioso-administrativo, en los plazos y condiciones regulados en la Ley de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa. El recurso de reposición se formulará de forma preceptiva previamente a la interposición del recurso contencioso-administrativo y su presentación no suspenderá la tramitación y los actos recaudatorios, excepto que el acorde el órgano competente con sujeción al procedimiento establecido.

Respecto a la repercusión del canon del agua, podrá ser objeto de una reclamación económico-administrativa ante el órgano económico-administrativo de la Xunta de Galicia en el plazo de 1 mes desde la publicación de este anuncio, de conformidad con lo que establece el artículo 49.7 del Decreto 136/2012, de 31 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento del canon del agua y del coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de aguas residuales.

4. Procedimiento de apremio

Se advierte que los recibos no abonados en el plazo de pago en voluntaria incurrirán en recargo de apremio del 20%, 10% o 5%, según proceda, intereses de demora y costas del procedimiento, en su caso. Se cobrarán por vía ejecutiva, conforme a los artículos 28 y siguientes de la Ley General Tributaria y concordantes del Reglamento General de Recaudación.

Respecto al canon del agua, se advierte que la falta de pago en el período voluntario señalará su exigencia directamente al/a la contribuyente por la vía de apremio, por la consejería competente en materia de Hacienda de la Xunta de Galicia, de conformidad con lo que establece el artículo 49.7 del Decreto 136/2012, de 31 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento del canon del agua y del coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de aguas residuales.

5. Información al contribuyente

Los/as interesados/as pueden solicitar la información que necesiten de los ayuntamientos respectivos en las oficinas del Servicio Municipal de Recaudación de esta diputación, situado en la calle Cruz Roja de Ourense, en días hábiles y horario de oficina o llamando al 988 317 720.

Ourense, 28 de octubre de 2021. El diputado delegado de Economía y Hacienda.

Fdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

R. 2.850

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### IV. ENTIDADES LOCALES

#### Boborás

Ao non se presentar reclamación ningunha á aprobación inicial da modificación de créditos, suplemento de crédito núm. 7/2021, dentro do orzamento municipal vixente, considérase definitivo, de acordo co que establece o artigo 169.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

1.º Modalidade

O expediente de modificación de créditos, de suplemento de crédito núm. 7/2021 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, queda de acordo co seguinte detalle:

Suplementos en aplicacións de gastos

Aplicación: Progr.; Económica; Descrición; Créditos iniciais; Suplemento de crédito; Créditos finais

920; 463; A mancomunidades; 161.000; 34.000; 195.000 €



## 2.º Financiamento

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, nos seguintes termos:

Altas en concepto de ingresos

Aplicación económica; Descrición; Euros

870; 00; Remanente de Tesourería para gastos xerais; 34.000,00 €

Total de ingresos: 34.000,00 €

## 3.º Xustificación

Necesidade de financiar os gastos das mancomunidades.

Contra a aprobación definitiva deste acordo, poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que contarán a partir do seguinte ao de publicarse este anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Boborás, 28 de outubro de 2021. A alcaldesa.

Asdo.: Ana Patricia Torres Madureira.

### Expediente 425/2021

Al no haberse presentado reclamación alguna a la aprobación inicial de la modificación de créditos, suplemento de crédito núm. 7/2021, dentro del presupuesto municipal vigente, se considera definitivo, de acuerdo con lo que establece el artículo 169.1 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

#### 1.º Modalidad

El expediente de modificación de créditos suplemento de crédito núm. 7/2021 del presupuesto en vigor, en la modalidad de suplemento de crédito, queda de acuerdo con el siguiente detalle:

Suplementos en aplicaciones de gastos

Aplicación: Progr.; Económica; Descrición; Créditos iniciales; Suplemento de crédito; Créditos finales

920; 463; A mancomunidades; 161.000; 34.000; 195.000 €

#### 2.º Financiación

Esta modificación se financia con cargo al remanente líquido de Tesorería para gastos generales, en los siguientes términos:

Altas en concepto de ingresos

Aplicación económica; Descrición; Euros

870; 00; Remanente de Tesorería para gastos generales; 34.000,00 €

Total de ingresos: 34.000,00 €

#### 3.º Justificación

Necesidad de financiar los gastos de las mancomunidades.

Contra la aprobación definitiva de este acuerdo, podrá interponerse un recurso contencioso-administrativo, en el plazo de dos meses, que se contarán a partir del siguiente al de publicarse este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia.

Boborás, 28 de octubre de 2021. La alcaldesa.

Fdo.: Ana Patricia Torres Madureira.

**R. 2.848**

## Muíños

Unha vez aprobado inicialmente o expediente de modificación de crédito extraordinario núm 5/2021, financiado con cargo a novos ingresos, por acordo do Pleno do 29 de outubro de 2021, para cumprir o que dispón o artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince

días, que contarán desde o día seguinte ao de publicarse este anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o dito prazo, poderá ser examinado por calquera interesado/a nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se consideren pertinentes. Se unha vez transcurrido o prazo non se presentaren alegacións, o acordo considerárase aprobado definitivamente.

Muíños, 2 de novembro de 2021. O alcalde.

Asdo.: Plácido Álvarez Dobaño.

*Una vez aprobado inicialmente el expediente de modificación de crédito extraordinario núm. 5/2021, financiado con cargo a nuevos ingresos, por acuerdo del Pleno de 29 de octubre de 2021, para cumplir lo que dispone el artículo 169.1, por remisión del 177.2, del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se somete a información pública por el plazo de quince días, que se contarán desde el día siguiente al de publicarse este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia.*

*Durante dicho plazo, podrá ser examinado por cualquier interesado/a en las dependencias municipales para que se formulen las alegaciones que se consideren pertinentes. Si una vez transcurrido dicho plazo no se hubiesen presentado alegaciones, el acuerdo se considerará aprobado definitivamente.*

Muíños, 2 de noviembre de 2021. El alcalde.

Fdo.: Plácido Álvarez Dobaño.

**R. 2.862**

## O Pereiro de Aguiar

O Pleno do Concello do Pereiro de Aguiar, na sesión extraordinaria do 29 de outubro de 2021, aprobou provisionalmente a modificación do texto da seguinte ordenanza:

Ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable

O expediente de modificación desta ordenanza sométese a información pública polo período de trinta días, que contarán a partir de que se publique este anuncio no BOP de Ourense, para que os/as interesados/as poidan examinalas na Secretaría-Intervención do concello en horario de atención ao público e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Así mesmo, o expediente estará á disposición dos/as interesados/as na sede electrónica deste concello (concellopereiro.sedelectronica.gal). Unha vez finalizado o prazo de información pública, resolveranse todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo, mediante a adopción dun acordo de aprobación definitiva polo Pleno da corporación.

Se non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, o acordo entenderase definitivamente adoptado.

O alcalde. Documento asinado electronicamente.

*El Pleno Ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar, en la sesión extraordinaria de 29 de octubre de 2021, aprobó provisionalmente la modificación del texto de la siguiente ordenanza:*

*Ordenanza Fiscal de la Tasa por la Prestación del Servicio de Abastecimiento de Agua Potable*

*El expediente de modificación de esta ordenanza se somete a información pública por el período de treinta días, que se contarán a partir de que se publique este anuncio en el BOP de Ourense, para que los/as interesados/as puedan examinarlo en la Secretaría-Intervención del Ayuntamiento en horario de atención al público y presentar las reclamaciones que conside-*



ren oportunas. Asimismo, los expedientes estarán a disposición de los/as interesados/as en la sede electrónica de este ayuntamiento ([concelloperreiro.sedelectronica.gal](http://concelloperreiro.sedelectronica.gal)). Una vez finalizado el plazo de información pública, se resolverán todas las reclamaciones y sugerencias presentadas dentro del plazo, mediante la adopción de un acuerdo de aprobación definitiva por el Pleno de la Corporación.

En el caso de que no se presentase ninguna reclamación o sugerencia, el acuerdo se entenderá definitivamente adoptado.

El alcalde. Documento firmado electrónicamente.

**R. 2.853**

### O Pereiro de Aguiar

O Pleno deste concello, na sesión do 29 de outubro de 2021, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos número 11/2021, dentro do orzamento municipal vixente, mediante suplemento de crédito, financiado con cargo novos ingresos e con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, por un importe de cento trinta e sete mil euros (137.000,00 €). En cumprimento do que dispón o artigo 177.2, en relación co 169.1, do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría-Intervención deste concello, co fin de que durante el, que comezará a contar desde o día seguinte ao de publicarse este anuncio no BOP, os/as interesados/as poidan formular as reclamacións que consideren pertinentes. Se unha transcurrido o dito prazo non se presentaren alegacións, o acordo considerárase aprobado definitivamente.

O Pereiro de Aguiar, 29 de outubro de 2021. O alcalde.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

Documento asinado electronicamente.

*El Pleno de este ayuntamiento, en la sesión de 29 de octubre de 2021, aprobó inicialmente el expediente de modificación de créditos número 11/2021, dentro del presupuesto municipal vigente, mediante suplemento de crédito, financiado con cargo a nuevos ingresos y con cargo al remanente líquido de Tesorería resultante de la liquidación del ejercicio anterior, por un importe de ciento treinta y siete mil euros (137.000,00 €). En cumplimiento de lo que dispone el artículo 177.2, en relación con el 169.1, del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se expone al público, por el plazo de quince días hábiles, en la Secretaría-Intervención de este ayuntamiento, con el fin de que durante él, que comenzará a contarse desde el día siguiente al de publicarse este anuncio en el BOP, los/as interesados/as puedan formular las reclamaciones que consideren pertinentes. Si una vez transcurrido el referido plazo no se presentaran alegaciones, el acuerdo se considerará definitivamente aprobado.*

O Pereiro de Aguiar, 29 de outubro de 2021. El alcalde.

Fdo.: Luis Menor Pérez.

Documento firmado electrónicamente.

**R. 2.854**

### O Pereiro de Aguiar

O Pleno deste concello, na sesión do 29 de outubro de 2021, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos número 12/2021 (créditos extraordinarios), dentro do vixente orzamento municipal, por un importe de corenta e dous mil euros

(42.000,00 €). En cumprimento do disposto no artigo 177.2, en relación co 169.1, do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría Intervención deste concello, co fin de que durante este, que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP, os interesados poidan formular as reclamacións que consideren pertinentes. Se unha vez transcurrido o devandito prazo, non se presentasen alegacións, o acordo considerárase aprobado definitivamente.

O Pereiro de Aguiar, 29 de outubro de 2021. O alcalde.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

Documento asinado electronicamente.

*El Pleno de este ayuntamiento, en la sesión del día 29 de octubre de 2021, aprobó inicialmente el expediente de modificación de créditos número 12/2021 (créditos extraordinarios) dentro del vigente presupuesto municipal, por un importe de cuarenta y dos mil euros (42.000,00 €). En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 177.2, en relación con el 169.1, del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se expone al público, por el plazo de quince días hábiles, en la Secretaría Intervención de este ayuntamiento, con el fin de que durante éste, que comenzará a contarse desde el día siguiente al de la inserción de este edicto en el BOP, los interesados puedan formular las reclamaciones que consideren pertinentes. Si una vez transcurrido el referido plazo no se presentaran alegaciones, el acuerdo se considerará definitivamente aprobado.*

O Pereiro de Aguiar, 29 de outubro de 2021. El alcalde.

Fdo.: Luis Menor Pérez.

Documento firmado electrónicamente.

**R. 2.855**

### A Peroxa

Unha vez aprobado o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento aberto para a contratación, mediante concurso público, do arrendamento por este concello de parte do baixo non dedicado a actividades deportivas do edificio polideportivo da Peroxa (ben de propios, local C), expónse ao público durante o prazo de catro días, que contarán a partir do seguinte ao da última publicación deste anuncio no BOP de Ourense ou no perfil do contratante, para que se poidan presentar reclamacións.

Simultaneamente, anúnciase o concurso público, se ben, as licitacións aprazaranse cando resulte necesario, no suposto de que se formulen reclamacións contra o citado prego.

1.º Entidade adjudicadora

A. Organismo: Xunta de Goberno Local da Peroxa

B. Dependencia que tramita o expediente: Secretaría

2.º Obxecto do contrato. Descrición

Arrendamento do inmovible "local C", propiedade deste concello, que está cualificado como ben patrimonial no inventario municipal, situado en parte do baixo non dedicado a actividades deportivas do edificio polideportivo da Peroxa.

3.º Tramitación, procedemento e forma de adjudicación

A. Tramitación: ordinaria B. Procedemento: aberto C. Forma: concurso

4.º Importe do arrendamento: mil cincocentos euros (1.500,00 €, IVE á parte) anuais. Esta cantidade é mellorable á alza.

5.º Garantías:

Provisional: 450,00 €



Definitiva: será do 4% do contrato adjudicado (quindenio)

6.º Obtención da documentación e información

A) Entidade: Concello da Peroxa B) Domicilio: A Peroxa C) Localidade: A Peroxa C. 32150 D) Tel.: 988 206 614 E) Fax: 988 206 619 F) Data límite de obtención de documentos e información: ata o último día do prazo para presentar ofertas.

7.º Requisitos específicos do posible arrendatario

Os sinalados no prego de condicións.

8.º Presentación de ofertas

A) Data límite para a presentación de ofertas para participar no citado concurso: dentro dos 15 días naturais que contarán desde o seguinte ao da última publicación deste anuncio no BOP de Ourense ou no perfil do contratante: <https://www.contratosdeg Galicia.gal/>. Se o último día fose inhábil ou sábado, o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte.

B) Documentación que cómpre presentar: a que se indica no prego de condicións que rexen a citada contratación.

C) Lugar de presentación: Concello da Peroxa

9.º Apertura de ofertas

A) Entidade: concello da Peroxa

B) Data: ás doce horas do terceiro día hábil posterior ao de rematar o prazo de presentación de proposicións (agás sábados)

10.º Gastos do anuncio

Os gastos dos presentes anuncios serán por conta do adjudicatario da concesión.

A Peroxa. O alcalde.

Documento asinado dixitalmente na marxe.

*Una vez aprobado el pliego de cláusulas administrativas que regirán el procedimiento abierto para la contratación mediante concurso público para el arrendamiento por este ayuntamiento de parte del bajo no dedicado a actividades deportivas del edificio polideportivo de A Peroxa (bien de propios, local C), se expone al público durante el plazo de cuatro días, que se contarán a partir del siguiente al de la última publicación de este anuncio en el BOP de Ourense o en el perfil del contratante, para que puedan presentarse reclamaciones.*

*Simultáneamente se anuncia concurso público, si bien las licitaciones se aplazarán cuando resulte necesario, en el supuesto de que se formulen reclamaciones contra dicho pliego.*

1.º Entidad adjudicadora

A. Organismo: Junta de Gobierno Local de A Peroxa

B. Dependencia que tramita el expediente: Secretaría

2.º Objeto del contrato. Descripción

*Arrendamiento del inmueble "local C" propiedad de este ayuntamiento, que está calificado como bien patrimonial en el inventario municipal, ubicado en parte del bajo no dedicado a actividades deportivas del edificio polideportivo de A Peroxa.*

3.º Tramitación, procedimiento y forma de adjudicación

A. Tramitación: ordinaria B. Procedimiento: abierto C Forma: concurso público

4.º Importe del arrendamiento: mil quinientos euros (1.500,00 €, IVA aparte) anuales. Esta cantidad es mejorable al alza.

5.º Garantías:

Provisional: 450,00 €

Definitiva: será do 4% del contrato adjudicado (quindenio)

6.º Obtención de la documentación e información

A) Entidad: Ayuntamiento de A Peroxa B) Domicilio: A Peroxa C) Localidad: A Peroxa CP 32150 D) Tel.: 988 206 614 E) Fax: 988 206 619 F) Fecha límite de obtención de documentos e información: hasta el último día de plazo para presentar ofertas

7.º Requisitos específicos del posible arrendatario

Los señalados en el pliego de condiciones.

8.º Presentación de ofertas

A) Fecha límite para la presentación de ofertas para participar en dicho concurso: dentro de los 15 días naturales que se contarán desde el siguiente al de la última publicación de este anuncio en el BOP de Ourense o en el perfil del contratante: <https://www.contratosdeg Galicia.gal/> Si el último día fuese inhábil o sábado, el plazo finalizará el primer día hábil siguiente.

B) Documentación que se deberá presentar: la que se indica en el pliego de condiciones que rigen dicha contratación.

C) Lugar de presentación: Ayuntamiento de A Peroxa

9.º Apertura de ofertas

A) Entidad: Ayuntamiento de A Peroxa B) Fecha: a las doce horas del tercer día hábil posterior al de haber finalizado el plazo de presentación de proposiciones (excepto sábados)

10.º Gastos del anuncio

Los gastos de los presentes anuncios serán por cuenta del adjudicatario de la concesión.

A Peroxa. El alcalde.

Documento firmado digitalmente al margen.

**R. 2.858**

## San Cibrao das Viñas

Por acordo do Pleno, do día 24/09/2021, aprobouse definitivamente o Plan especial de infraestruturas e dotacións do Polígono P-6.1 da AR-6 no núcleo de Reboredo do PXOM de San Cibrao das Viñas.

En cumprimento do disposto polos artigos 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 70 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publícase en anexo a normativa e ordenanzas da modificación aprobada definitivamente.

Contra este acordo, interporase recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, conforme co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

San Cibrao das Viñas, na data da sinatura electrónica.

O alcalde. Asdo.: Manuel Pedro Fernández Moreiras.

### Anexo

Normas urbanísticas

4. Normas urbanísticas

4.1. Definicións

4.2. Ordenanzas: 3

4.2.1. Ordenanza 01. Sistema de espazos libres

4.2.2. Ordenanza 02. Sistema de equipamento

4.2.3. Ordenanza 03. Sistema de infraestruturas de comunicación (Sistema viario)

4.3. Directrices de urbanización e trazado de redes de infraestruturas

4.4. Espazos libres das parcelas dotacionais

4.5. Limitacións de ruído:

4.6. Réxime de autorizacións en materia de patrimonio cultural

4.7. Medidas ambientais e paisaxísticas

4.8. Normas de protección da rede ferroviaria

4.9. Normas derivadas da aplicación do "Real decreto 849/1986, do 11 de abril, por el que se aprueba el Reglamento del dominio público hidráulico, que desarrolla los títulos preliminar I, IV, V, VI y VII de la Ley 29/1985, do 2 de agosto, de aguas."

4. Normas urbanísticas

4.1 Definicións

Cota de implantación da edificación: defínese a cota de implantación de edificación como a cota á que deberá de



situarse a parte superior da soleira da planta baixa da edificación, ou forxado da planta baixa se a edificación contén semi-soto ou soto.

Rasante de praza: defínese a rasante da praza como a cota de solo acabado a que deberá estar o pavimento na praza.

Área de movemento da edificación: é a superficie máxima ocupable pola edificación en planta baixa e planta primeira.

Liña de edificación obrigatoria: defínese esta liña para as fachadas que conforman a praza elevada. Esta liña é obrigada nun 70% da lonxitude da fachada que dá á praza.

Altura máxima da edificación: é a altura dende a cota de implantación da edificación ata a cara inferior do último forxado.

#### 4.2 Ordenanzas

A continuación relaciónanse as ordenanzas para cada sistema asimilando a denominación destas ás que refire o Regulamento de planeamento no seu artigo 65 “Dotacións Urbanísticas”

##### 4.2.1 Ordenanza 01. Sistema de espazos libres.

No subsolo dos espazos libres públicos permítese a implantación de infraestruturas, e aparcamentos de titularidade pública así como completar e reforzar accesos puntuais ás distintas zonas das parcelas dotacionais.

Nos espazos libres permitiránse pequenas instalacións de uso recreativo, deportivo, de hostalaría, quioscos, ou asociadas a hortas urbanas cunha superficie cada unha delas inferior a 200 m<sup>2</sup>, a superficie construída total sobre estes espazos será inferior ao 5% da superficie total dos espazos libres. Non estarán suxeitas a estas limitacións as superficies destinadas a pistas deportivas ao aire libre, espazos de parques infantís e para maiores e espazos cubertos a modo de pérgolas ou similares.

Os espazos libres urbanizaránse de acordo co contido das recomendacións e determinacións do apartado 2.4.2. “Condicións do sistema xeral de espazos libres SN-P2.”

Ademais dos criterios de ordenación aconsellados en cada zona, que se achegan no apartado 2.4.2, a continuación trasládase a normativa ás determinacións obrigatorias para algunhas das zonas de intervención nos espazos libres:

##### Zona 01:

- Os criterios de ordenación para a zona son aconsellados.

##### Zona 02:

- Manterase basicamente a topografía existente, admitíndose as mínimas adaptacións topográficas que permitan configurar o ámbito como unha zona de estancia dos veciños e descanso dos peregrinos.

- Manteranse as masas arbóreas de ribeira existentes e o chan vexetal, sen pavimentación. - No deseño dos elementos de urbanización terase en conta que se trata dunha zona inundable polo que debe evitarse o efecto barreira.

- Xeraranse paseos peonís que se pousan sobre o chan como “palafitos”, de tal xeito que cando se inundan o ámbito funciona igual.

- Esta zona estará atravesada por un canal polo que discurrirán, en superficie, as augas pluviais que se recollen nas cubertas das edificacións e que as dirixe cara ás lagoas ou estanques da zona 3.

##### Zona 03:

- Manterase basicamente a topografía existente. - Manteranse as masas arbóreas de ribeira existentes e o chan vexetal, sen pavimentación. - No deseño dos elementos de urbanización terase en conta que se trata dunha zona húmida e que se atopa asolagada durante todo o ano, e que debe evitarse o efecto barreira.

- Xeraranse espazos de estancia e paseos peonís que se pousan sobre o chan como “palafitos”, de tal xeito que cando se inundan o ámbito funciona igual.

- Manteranse as lagoas e estanques existentes. Tamén se poderán propoñer outros almacenamentos de auga de tipo alxi-

be/estanque. Estes recibirán as augas do canal polo que discurrirán, en superficie, as pluviais que se recollen nas cubertas das edificacións, para empregalas para a rega.

##### Zona 04:

- Manterase basicamente a topografía existente.

- Manteranse as masas arbóreas de ribeira existentes e o chan vexetal, sen pavimentación. - No deseño dos elementos de urbanización terase en conta que se trata dunha zona inundable polo que debe evitarse o efecto barreira.

- Xeraranse espazos de estancia e paseos peonís que se pousan sobre o chan como “palafitos”, de tal xeito que cando se inundan o ámbito funciona igual.

##### Zona 05:

- Manterase basicamente a topografía existente, admitíndose as mínimas adaptacións topográficas que permitan configurar o ámbito como una zona de estancia dos veciños e descanso dos peregrinos.

- Manteranse as masas arbóreas de ribeira e as árbores existentes, así como o chan vexetal, sen pavimentación ou coa mínima necesaria para o seu uso como zona de estancia.

- Realizarase unha plantación dunha masa arbórea de especies autóctonas nas proximidades do valado da vía férrea, para reducir o ruído do paso do tren na zona de estancia.

- No deseño dos elementos de urbanización terase en conta que se trata dunha zona próxima á canle da contorna da presa, polo que os elementos de estancia se orientarán cara a ese elemento singular ou cara á canle de rega, segundo a súa situación concreta.

##### Zona 06:

- Manterase basicamente a topografía existente.

- Xerarase un espazo de estancia que funcionará ao mesmo tempo como un miradoiro orientado ao salto nº 2, onde poder escoitar o son da auga. Debe configurarse como un miradoiro de madeira que voa sobre o terreo, co obxectivo de non modificar a topografía da lomba sobre a que se sitúa.

- Manteranse na medida do posible os exemplares de piñeiros existentes e o chan vexetal, sen pavimentación.

##### Zona 07:

- Xerarase un espazo de estancia que funcionará ao mesmo tempo como un miradoiro orientado ao salto nº 2, onde poder escoitar o son da auga. Debe configurarse como un miradoiro de madeira que voa sobre o terreo, co obxectivo de non modificar a topografía da lomba sobre a que se sitúa.

- Manteranse as árbores de gran porte existentes. A cuberta da edificación que configura esta praza elevada- miradoiro será transitable e vexetada en gran parte.

- Habilitarase un percorrido peonil en rampla dende a praza elevada cara ao espazo libre do parque fluvial.

Zona 08:- Os criterios de ordenación para a zona son aconsellados.

Zona 09:- Os criterios de ordenación para a zona son aconsellados.

##### Zona 10:

- Manterase basicamente a topografía existente, admitíndose as mínimas adaptacións topográficas que permitan configurar o ámbito como una zona de estancia e aparcadoiro de vehículos.

- Manteranse as árbores de gran porte e porte medio existentes nesta contorna, plantaranse novos exemplares de especies autóctonas, sobre todo, na área de aparcamento.

- Empregaranse pavimentos drenantes.

#### 4.2.2 Ordenanza 02. Sistema de equipamento

Establécense tres zonas con diferentes configuracións volumétricas: zona A, zona B e zona C coas determinacións que se mostran na seguinte táboa:



DETERMINACIÓNS	ZONA A	ZONA B	ZONA C
Superficie de solo (m2)	4.546,00	2.060,00	4.307,00
Área de movemento da edificación	2.100,00	1.667,00	2.260,00
Número de plantas	B+4	B	B+2
Altura (H=metros)	18	6	13
Cota de implantación da edificación	Figura no plano de ordenación pódese variar xustificadamente en 0,5 metros	Figura no plano de ordenación pódese variar xustificadamente en 0,5 metros	Figura no plano de ordenación pódese variar xustificadamente en 0,5 metros
Cota de rasante da praza	Non aplica	Figura no plano de ordenación pódese variar xustificadamente en 0,5 metros	Non aplica
